

16 de marzo de 1978

\_\_\_\_\_

Sr. Don Luis Tobío  
Madrid

Meu querido amigo:

Confirmo o que che acabo de decir por teléfono: un curriculum e unha fotografía.

Quédame a dúbida de se ao marcar temas no esquema do Caderno puden haber pecado de limitante, cousa na que non quería caer e por eso decía que "... independentemente da libertade conque cada un quera evocar a súa lembranza da vella Institución, tocan un particular tema distinto..."

Quero relembrar que esta intención non limitante era a nosa. Se dúbida eu son culpable de exercer influencia limitante precisamente contigo, fundador da Institución, e esto amólame.

Sen dúbida ti tes moitas cousas que decir, que relembrar e que enfocar que poden contribuir á historia espiritual e política do Seminario que serían útiles pra o futuro. Pensa na posibilidade de ampliar o teu traballo con algunas lembranzas ou algúns enquires que ti vexas que podía preceder perfectamente ao que xa me enviache, inda quedan uns días pra pechar a edición.

Estase facendo, con motivo desta mostra, unha recolleita de datos das circunstancias que rodearon á vella institución. Hai puntos escuros. Algunos non cónvenente relembralos agora porque a posible restauración do Seminario non veña a separarlos de a unir. Hai cousas que é millor deixalas... Hai outras que sinalmente serían útiles mais non aparece rastro de elas. Por exemplo o acta fundacional ¿quen a ten?. O discurso de Casalao "Do Novo Espírito" ¿onde está?. ¿E posible que de estas cosas tan importantes ninguén poda dar conta?

Eu sigo na agarda. O que ti fagas ben feito está.

Apertas tensas, teu

Díaz Barrio